



COMUNICACIÓN XERENCIAL DO 30 DE XANEIRO DE 2023, SOBRE A SOLICITUDE DE TRAMITACIÓN DOS CONTRATOS MENORES NO ÁMBITO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Desde a entrada en vigor da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, a Universidade da Coruña (en diante UDC) tratou de se adaptar ao establecido nos seus preceptos, tanto desde o punto de vista conceptual como tamén no que se refire ao aspecto da xestión administrativa e económica.

Así, a UDC desenvolveu unha aplicación propia para xestión da fase de inicio no procedemento administrativo destinado á formalización dos contratos menores regulados no artigo 118 do referenciado texto legal. Esta aplicación denomínase “*contratando*” e desde o seu inicio resultou de grande utilidade na xestión administrativo-económica destes expedientes.

No capítulo I do título III da Lei 7/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, defínese o concepto e funcións das distintas configuracións ou clases das persoas empregadas públicas do ámbito de aplicación desta lei (para aplicación desta lei no ámbito universitario: os seus artigos 4.1.e) e 8). Dos preceptos contidos nese capítulo así como dos da sección 2ª do capítulo I do título IV da mesma lei, conclúese que as funcións de carácter administrativo se atribúen ao persoal funcionario (ou laboral) en postos con funcións administrativas, da administración xeral.

A cuestión sobre o uso dos elementos de apoio á xestión administrativa no ámbito da UDC tamén se tratou na sesión da Comisión de Asuntos Económicos delegada do Consello de Goberno da UDC, do día 06-06-2022, no que consta a seguinte intervención do xerente da UDC:

“...O sr. xerente contesta que o correo electrónico do 22 de abril de 2019 enviouse ao PDI da Universidade con efectos puramente informativos e que son os PAS dos negociados de asuntos económicos da universidade os que deben manexar a aplicación "Contratando". O sr. xerente engade que o PDI debe colaborar achegando a información e a documentación necesaria, pero que é o PAS quen debe operar este tipo de aplicacións. ...”

Código Seguro De Verificación	3AqQt0H5L8ah1ziI2pnhw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	30/01/2023 14:34:55
Observacións		Páxina	1/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/3AqQt0H5L8ah1ziI2pnhw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





O contrato menor iniciárase pola solicitude da persoa responsable na contratación.

Esta comunicación pode realizarse dalgunha das opcións seguintes:

- **Mediante envío** polo solicitante desde o seu correo corporativo ao **correo da unidade de xestión** ou da persoa responsable da unidade de xestión, que deberá responsabilizarse de facilitar os seguintes datos/documentos á unidade xestora:

Centro de Gasto
 Tipo de contratación
 Obxecto do contrato
 Motivación da necesidade do contrato
 Destino/Lugar de entrega/execución
 Aplicación/s orzamentaria/s
 O/A responsable acredita que o gasto é elegible con cargo ao financiamento alleo
 Orzamento
 Datas estimadas de comezo e de remate do contrato
 Tipo de tramitación
 Propoñente e Responsable do contrato
 Pagamento do prezo (total ou parcial)
 Posibilidade de modificación do contrato
 Datos da empresa proposta:
 Nome e apelidos
 NIE/NIF/CIF
 Enderezo
 Teléfono
 Correo electrónico
 Persoa de contacto
 Xustificación da urxencia
 Equipamento obxecto da contratación (cantidade e concepto)

Toda solicitude recibida por este medio debe vir completa.

Código Seguro De Verificación	3AqQqt0H5L8ah1ziI2pnhw==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	30/01/2023 14:34:55	
Observacións		Páxina	2/3	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/3AqQqt0H5L8ah1ziI2pnhw==			
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).			



- **Mediante o acceso** polo solicitante e cobertura das distintas fases da **aplicación contratando**. Neste caso na pantalla de “*contratando*” correspondente a “*partida orzamentaria*” só é necesario que se cubra coa aplicación orzamentaria xenérica (<https://axudatic.udc.gal/pages/viewpage.action?spaceKey=SIC&title=Contratando#expand-Manuaisiguas>)

Asinado polo xerente da UDC

Código Seguro De Verificación	3AqQqt0H5L8ah1ziI2pnhw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Asinado	30/01/2023 14:34:55
Observacións		Páxina	3/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/3AqQqt0H5L8ah1ziI2pnhw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

